



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

SUSANA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ, deputada do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta as seguintes:

PREGUNTA (4) PARA SER FORMULADA E RESPOSTADA ORALMENTE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO DO 28 DE MAIO DE 2021:

Na Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade celebrada o pasado 22 de abril de 2021, no apartado de rogos e preguntas solicitamos información de como era o funcionamento do premio do Estatuto de Autonomía, xa que se reuniu o xurado o mesmo día que se publicaron as bases no BOP. Preguntamos si esas bases se enviaban previamente aos colexios e se colgaban na web xa que o prazo para entregar os traballos finalizaba o luns 29 de marzo e as bases publicáronse no BOP o martes 30, mesmo día que o xurado escolleu os traballos gañadores.

O vicesecretario aclaraba que o 3 de abril se publicara unha corrección de erros no que se indicaba que a presentación de traballos sería ata o 5 de abril ás 12:00. Esta “aclaración” aumentaba as nosas dúbidas, xa que o xurado xa “decidira” os gañadores o día 30.

A presidenta da comisión indicou que na seguinte comisión aclararía a cuestión, situación que non se produciu.

¿Existiron erros nos prazos e na publicación das bases no BOP?

¿Cómo puido acordar o xurado os premios o día 30 de marzo cando según o vicesecretario, o prazo para presentalos remataba 6 días máis tarde?

Ourense, a 26 de maio de 2021

Asinado: Susana Rodríguez Estévez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsoedepourense.es
socialistaourense@gmail.com
Facebook: PSdeGDepOU
Twitter: @PSdeGDepOU